

## ACTA N° 37/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario accidental: D. José Rodríguez Veloso.

Na Casa do Concello de Moaña, o 24 de agosto de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 09:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 09:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 36/09, do 17/08/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2- PROPOSTAS DE GASTOS**

**2.A)** Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PROVEDOR</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>IMPORTE</b>
CULTURA	Publicación da revista "O Canastro" con motivo da semana cultural de Brducedo.	KOPITEC MORRAZO, S.L.	4510-22001 RC 1267	1.276,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan na partida mencionada,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

**2.B)** Visto o orzamento P8000269 do mes de agosto de 2009 presentado pola empresa Carrocerías Giráldez, s.l., para o subministro de cubertas Michelin para vehículos de Servizos, por un importe 2.231,52 €.,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectuou na partida 5110-21400, RC 1268.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 2.231,52 € a favor da empresa CARROCERÍAS GIRÁLDEZ, S.L., con cargo a partida 5110-21400 RC 1268, polo subministro de cubertas para vehículos de Servizos.

### **3.- DEVOLUCIÓN DE DEREITOS INGRESADOS POR RENUNCIA Á EXECUCIÓN DE OBRAS**

D.<sup>a</sup> Sonia M<sup>a</sup> Bernárdez Fernández e D. David Otero Paz, por escrito do 17 de agosto de 2009, expoñen que renunciaron á execución das obras do expediente nº 258/09 e notificouselle xa o arquivo de dito expediente, e solicitan a devolución dos seguintes dereitos ingresados: imposto: 3.291,25 euros, cartel de obra: 110 euros, e conexión á rede de sumidoiros: 180 euros.

Visto o informe favorable á súa devolución, emitido polo interventor accidental o 24 de agosto de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada, por unha contía total de 3.581,25 euros, (ICIO 3.291,25 euros, cartel de obra 110 euros, e conexión á rede de sumidoiros 180 euros).

#### 4.- POSTO MERCADILLO VENDA AMBULANTE

Vista a solicitude de D.<sup>a</sup> Jessica Jiménez Duval para obter un posto no mercadiño para o que achega a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante:

Nome e apelidos	NIF	Mercadoría	Superficie
Jessica Jiménez Duval	35579289 Z	Calzado e textil	8 metros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude.

#### 5.- CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6 DE XULLO DE 2009.

Dende a Secretaría infórmase que na Xunta de goberno local do 6 de xullo de 2009 aprobouse, por unanimidade, a numeración de parcelas e edificios do Barrio do Rosal, reflectida unha táboa que recollía as equivalencias parcelarias cos números adxudicados.

Advertidos erros de transcripción na numeración de dúas rúas, propónse a súa corrección no seguinte sentido:

Parcela	Rúa	Onde di	Debe dicir
S 2	Pura P. Prado	1	2
9	Pura P. Prado	3	4
13	Pura P. Prado	2	1
14	Pura P. Prado	4	3
36	Pura P. Prado	6	5
36	Bernardino Graña	2	1
36	Bernardino Graña	1	3
A	Bernardino Graña	3	5
10 B	Bernardino Graña	5	2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar que se proceda á corrección de erros no sentido indicado na proposta.

## 6.- HORAS EXTRAS DO PERSOAL DE SERVIZOS

D. Luis Entenza Domínguez, D. Antonio González Couso, D. José Luis Solla Riobó e D. Jesús García Trigo, traballadores do Concello adscritos a Servizos, solicitan, respectivamente, que se lle paguen as horas extraordinarias realizadas polas inundacións do ano 2006 e outros servizos, e acompañan documento asinado polo capataz de servizos,

Visto o informe de intervención do 14 de febreiro de 2009,

Visto o informe emitido no Departamento de Persoal do 18 de agosto de 2009, no que se considera *que tales horas extras non deberían ser abonadas aos interesados xa que hai un documento firmado polo comité no ano 2000 no que se fai referencia ao punto 2º:*

*“... horario do departamento de servizos, onde propoñen un horario de 8.00 a 14,30 horas de luns a venres, tendo en conta a flexibilidade e a dispoñibilidade deste persoal co grupo de goberno, sempre que o requira o servizo e os chame o capataz, poñendo incluso os seus vehículos propios, dando así un bo servizo ó cidadán”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar as solicitudes de pagamento de horas extraordinarias con base no documento asinado polo comité no ano 2000.

## 7.- TERRAZAS

7.A) Dáse conta da seguinte solicitude de **ocupación de terreos de uso público municipal** con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa (terrazas), así como da tarifa resultante de acordo coa aplicación da ordenanza reguladora municipal cuo pagamento acredita o solicitante

NOME SOLICITANTE	LUGAR	M/2	Tarifa 24 €/m2
Jjuan José Ferverza Camaño	BAR BARXAS MOAÑA, S.L Rúa Barxas, 23	12	288 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude así como a liquidación das correspondentes taxas.

7.B) D.<sup>a</sup> Ana María Macey Nogueira, representante de Rio da Ribeira Macbil, s.l., solicita a instalación dunha terraza de temporada de 7,5 m<sup>2</sup> na beirarrúa de rúa Concepción Arenal nº 72, Café Bar, en dominio público marítimo terrestre.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda solicitar a ampliación do Plan de Explotación de Terrazas e Chiringos en dominio público marítimo terrestre incluíndo ao Cafe-Bar de Rio da Ribeira Macbil, s.l , da rúa Concepción Arenal nº 72, de 7,5 m<sup>2</sup>.

## 8.- RESOLUCIÓN DE SUBVENCIONES E BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL COOPERACIÓN LOCAL 2009

Visto o informe da técnica de emprego do 18 de agosto de 2009, sobre resolucións de subvencións para catro das obras ou servizos para as que o Concello tiña solicitado subvención para a contratación de traballadores desempregados dentro dos programas de Cooperación Local,

Vista a proposta da Alcaldía do 18 de agosto de 2009, que literalmente di:

Á vista do informe emitido pola técnica local de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións das obras ou servizos; Recuperación do Patrimonio Etnográfico, Dinamización Sociocultural, Atención a Bibliotecas e Comedores Escolares e Servizos Administrativos, integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 29 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte dos ditos programas, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

**A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos.** Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

### **BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009 DO CONCELLO DE MOAÑA.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado dentro dos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e o Concello de Moaña correspondentes ó período 2009.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009.

Os postos de traballo a cubrir, a titulación esixida, o salario e duración do contrato son os seguintes:

Nº POSTOS	DENOMINACIÓN POSTO	TITULACIÓN ESIXIDA	SALARIO BRUTO	I CESE FINAL	DURACIÓN CONTRATO
<b>RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).</b>					
1	OFICIAL 1ª CANTEIRO	Sen titulación.	1.402,42	645,54	7 meses
1	OFICIAL 1ª CARPINTEIRO	Sen titulación.	1.402,42	645,54	7 meses

1	OFICIAL 1ª ALBANEL	Sen titulación.	1.402,42	645,54	7 meses
4	PEÓN SERV. MULTIPLES	Sen titulación.	1.301,73	596,19	7 meses
<b>DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>					
1	T.S. ACTIVIDADES FÍSICAS	Técnico superior en actividades físicas	1.084,20	145,26	6 meses
1	T.S. ANIMAC. SOCIOCULT.	Técnico superior en animación sociocultural	1.084,20	145,26	6 meses
1	T.S. INTEGRACIÓN SOCIAL	Técnico superior en integración social	1.084,20	145,26	6 meses
1	T.S. INFORMAC.TURISTICA	Técnico superior en información turística	1.084,20	145,26	6 meses
<b>ATENCIÓN A BIBLIOTECAS E COMEDORES ESCOLARES (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>					
4	T.S. EDUCACIÓN INFANTIL	Técnico superior en educación infantil.	1.084,20	217,93	9 meses
<b>SERVIZOS ADMINISTRATIVOS (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>					
1	T.S. ADMINIST. E FINANÇ.	Técnico superior en administración e finanzas	1.084,20	145,26	6 meses
1	T.S. PROX. CONSTRUCCIÓN	Técnico superior en proxectos de construción	1.084,20	145,26	6 meses
1	T.M. XESTIÓN ADMINIST.	Técnico medio en xestión administrativa	894,63	119,88	6 meses
1	CONSERXE	BUP, Bacharelato ou COU	914,31	122,52	6 meses

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

## **SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- Estar en posesión das titulacións esixidas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

## **TERCEIRA: INSTANCIAS**

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-

Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, durante os días 31 de agosto e 1 de setembro de 2009.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartado f) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

#### **CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR**

**O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:**

**Presidente:**

- María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

**Vogais:**

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.
- Eugenio Costa Diz. Funcionario da área de persoal
- Ángeles Cabeiro Dopico. Funcionaria da área de administración.

**Secretario:**

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

#### **QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.**

#### **PERSOAL DOS SERVIZOS: DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E ATENCIÓN A BIBLIOTECAS E COMEDORES ESCOLARES.**

**1. Valoración de currículos**, 40% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:

- Ata 40 horas . .....0,20 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
- Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Non se valorará en ningún caso a titulación esixida como requisito de acceso.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

## **2. Exame tipo test**, 60% da puntuación. Máximo 6 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará sobre as materias que figuran como anexo a estas bases.

Mediante estas dúas probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

## **PERSOAL DO SERVIZO RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E SERVIZOS ADMINISTRATIVOS**

**1. Valoración de currículos**, 40% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada seis meses de traballo acreditado en posto igual ó que aspira.....0,2 puntos.

- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 2 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta:

- Ata 40 horas . .....0,20 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0,40 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0,75 puntos.
- Mais de 200 horas.....1,00 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.



O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. Non se valorará en ningún caso a titulación esixida como requisito de acceso.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

**2. Exame tipo test**, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará para cada posto sobre as materias que figuran como anexos a estas bases.

**3. Proba práctica**, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

Para o servizo “Recuperación do Patrimonio Etnográfico” a proba práctica versará sobre traballos a realizar, técnicas de traballo e ferramentas a utilizar por oficiais albaneis, canteiros e carpinteiros e peóns de servizos múltiples da construción.

Para o servizo “Servizos Administrativos” a proba práctica será unha proba de informática relacionada cos distintos programas de deben utilizar cada unha das diferentes categorías profesionais a contratar.

Mediante estas tres probas os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos, seleccionaranse os candidatos que maior puntuación acaden.

**En caso de empate entre os candidatos, decidirse a selección outorgando preferencia os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:**

1. Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
2. Menores de 30 anos, en especial, os demandantes de primeiro emprego, demandantes con mais de 6 meses en desemprego ou aqueles sen cualificación profesional.
3. Desempregados de longa duración.
4. Persoas discapacitadas. Sempre que a súa discapacidade no impida o desenvolvemento do traballo.
5. Desempregados maiores de 45 anos.
6. Persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios do RISGA e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución.

**SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

**SETIMA: PRAZOS.**

**Presentación de documentación:** Días 31 de agosto e 1 de setembro.

**Listado admitidos e excluídos e valoración de currículos:** Día 3 de setembro ás 17:00

**Exames tipo test:** Día 3 de setembro ás 17:00 no salón de plenos do Concello. O lugar e data de realización das probas prácticas comunicárase ao finalizar o exame tipo test.

#### **OITAVA: PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

#### **NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

**B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:**

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA S.S.	CUSTO MES	INDEM. x CESE
<b>RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).</b>									
OFICIAL 1º CANTEIRO	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	645,54
OFICIAL 1º CARPINTEIRO	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	645,54
OFICIAL 1º ALBANEL	1.093,22	36,00	188,20	85,00	1.402,42	1.317,42	501,94	1.904,36	645,54
PEÓN SERV. MULTIPLES	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	463,57	1.765,30	596,19
<b>DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>									
T.S. ACTIVIDADES FÍSICAS	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	358,87	1.443,07	145,26
T.S. ANIMAC. SOCIOCULT.	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	358,87	1.443,07	145,26
T.S. INTEGRACIÓN SOCIAL	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	358,87	1.443,07	145,26
T.S. INFORMAC.TURISTICA	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	358,87	1.443,07	145,26
<b>ATENCIÓN A BIBLIOTECAS E COMEDORES ESCOLARES (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>									
T.S. EDUCACIÓN INFANTIL	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	358,87	1.443,07	217,93
<b>SERVIZOS ADMINISTRATIVOS (CONVENIO COLECTIVO DE OFICINAS E DESPACHOS).</b>									
T.S. ADMINIST. E FINANC.	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	348,03	1.432,23	145,26
T.S. PROX. CONSTRUCCIÓN	813,15	0,00	271,05	0,00	1.084,20	1.084,20	348,03	1.432,23	145,26
T.M. XESTIÓN ADMINIST.	670,97	0,00	223,66	0,00	894,63	894,63	287,18	1.181,81	119,88
CONSERXE	685,73	0,00	228,58	0,00	914,31	914,31	293,49	1.207,80	122,52

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases de selección de persoal dos Programas de Cooperación Local 2009, iniciar o procedemento de selección seguindo os prazos que se recollen nelas para que, unha vez seleccionados os/as candidatos/as, se proceda á súa contratación de acordo cos custos que se recollen na proposta da Alcaldía.

## **9.- VADOS**

### **9.A) SOLICITUDE DE VADO DE D. JOSÉ CANCELAS RODRÍGUEZ**

Con data 12 de agosto de 2009, D. JOSÉ CANCELAS RODRIGUEZ presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Daniel Castelao, 58, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 65,00 euros (50,00 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do 13.08.09, para a súa concesión, cun ancho de 4 metros,

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de agosto de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JOSÉ CANCELAS RODRÍGUEZ, cunha entrada de 4 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 65,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

### **9.B) SOLICITUDE DE VADO DE D.<sup>a</sup> CARMEN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**

Con data 4 de agosto de 2009, D.<sup>a</sup> CARMEN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Daniel Castelao, 50, para o que presenta o recibo de pagamento das taxas por un importe de 52,50 euros (37,50 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do 13.08.09, para a súa concesión, cun ancho de 3 metros,

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de agosto de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D.<sup>a</sup> CARMEN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 52,50 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

### **9.C) SOLICITUDE DE VADO DE D. FERNANDO RIVAS MARTÍNEZ**

Con data 29 de xullo de 2009, D. FERNANDO RIVAS MARTÍNEZ presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Daniel Castelao, 12, para o que presenta o recibo de pagamento das taxas por un importe de 52,50 euros (37,50 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do 10.08.09, para a súa concesión, cun ancho de 3 metros,

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de agosto de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. FERNANDO RIVAS MARTÍNEZ, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 52,50 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

#### **9.D) SOLICITUDE DE VADO DE D. CÁNDIDO PASTORIZA GESTIDO**

Con data 31 de xullo de 2009, D. CÁNDIDO PASTORIZA GESTIDO presenta instancia na que solicita un vado permanente en Sabaceda, 45, para o que presenta o recibo de pagamento das taxas por un importe de 52,50 euros (37,50 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do 10.08.09, para a súa concesión, cun ancho de 3 metros,

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de agosto de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. CÁNDIDO PASTORIZA GESTIDO, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 52,50 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

#### **10.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación.

	<b>Servizo</b>	<b>Lugar</b>	<b>Taxas aboadas</b>	<b>Informe favorable</b>
Laura María Gallego Pérez	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 3º C (urb. O Rosal)	Conexión .....60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 09:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.